

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 30 de xullo de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 30/07/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 30/07/2020.
- III. Solicitud de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- IV. Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- V. Informe sobre a aplicación da cláusula aprobada no CG do 29 de abril, para subir a cualificacións de certas materias na convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre do curso académico 2019-2020 (inclúe informes dos coordinadores das materias).

Ábrese a sesión ás 13 horas e 40 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1 Aprobación, se procede, da solicitude de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.

A Presidenta comenta que a Comisión de Calidade ven de aprobar un informe de seguimento da implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro para solicitar a súa renovación e propón a súa aprobación na Comisión Permanente.

Sinala xa se pasaron 3 fases da certificación da implantación do SGIC: deseño, implantación e renovación, e aclara que este ano corresponde unha nova renovación da certificación na que se valorarán as accións levadas a cabo nos últimos 3 anos e as evidencias recollidas.

Comenta a estrutura do documento e os principais aspectos, centrándose nas non conformidades recollidas no anterior informe de seguimento e nas accións de mellora propostas, que aínda non constaban como pechadas. Explica o contido da valoración da última revisión e as evidencias aportadas do traballo feito nos últimos 3 anos.

A Comisión aproba por asentimento o informe para a solicitude da Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.

2 Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Presidente informa a continuación do procedemento e antecedentes no seo da Universidade en relación á elaboración do Plan de Prevención en Control Sanitario do centro (en adiante PPCC).

O Consello de Goberno, na súa sesión do 12 de xuño de 2020 acordou, no documento “*Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria*” e en relación as condicións sanitarias dos centros:

“VII. Sobre as condicións sanitarias nos centros

1. Todos os centros da Universidade de Vigo participarán na fase piloto do protocolo establecido polo Sergas que vén de publicar a Consellería de Educación e aspirarán a cumprir todos os aspectos incluídos na Guía de recomendacións para unha universidade segura. A este respecto, ademais das medidas centralizadas, cada centro deberá aprobar un plan de prevención e control do centro (PPCC) específico. Para tal efecto, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) elaborará un PPCC modelo, que será adaptado ás peculiaridades de cada centro polo equipo decanal ou directivo. Os PPCC de cada centro serán aprobados polo SPRL e posteriormente referendados pola Xunta de Centro. Tras a súa aprobación final polo Comité de Seguridade e de Saúde Laboral da universidade, procederase á súa publicación e á súa difusión.

2. A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, a través dun encargo á Unidade Técnica, elaborará un plan de circulación para cada un dos edificios docentes que estará á disposición de cada equipo decanal ou directivo a finais de xuño, para que procedan á súa adaptación.

3. Cada centro designará unha persoa interlocutora co Servizo de Prevención de Riscos Laborais e coa Dirección Xeral de Saúde Pública, que lles comunicará todas as cuestións relacionadas coa seguridade sanitaria do centro para a súa avaliación. Ocuparase tamén de remitir-lles as comunicacións dos casos confirmados de contaxio”

O 17 de xuño de 2020 publícase unha Resolución Reitoral marcando o prazo (29 de xuño) para que os centros envíen as solicitudes de modalidade de ensinanza presencial para comezo de curso 2020/21.

O 29 de xuño apróbbase en Xunta de Escola da modalidade do ensino para o comezo do curso 2020/21 (en base a aforos calculados con separación 1,5 m en aula)

Por outra banda, con data 30 de xuño a Secretaría Xeral de Universidades publica unhas instrucións nas que se indica que:

“SEGUNDA.- Plan de prevención e control sanitario

1.-Cada universidade elaborará un plan xeral de prevención e control sanitario para a institución, que será aprobado segundo a súa normativa interna. O plan, que terá como referencia a Guía de recomendacións para unha universidade segura, elaborada pola Dirección Xeral de Saúde Pública, deberá prever a existencia dun grupo de expertos que coordinen e asesoren aos responsables dos distintos centros.

2.- Tendo en conta a heteroxeneidade dos espazos e das actividades docentes que neles se desenvolven, será necesario adaptar as medidas previstas no plan xeral da universidade a cada un dos centros. Con este fin, cada centro elaborará un protocolo no que se recollan as adaptacións precisas para cada un deles. Así mesmo, cada centro contará cunha persoa responsable de referencia para os aspectos relacionados coa execución e cumprimento das medidas previstas e será quen de manter comunicación directa co grupo de expertos

3.- O plan xeral de prevención e control sanitario e os protocolos de adaptación a cada un dos centros, deberán estar aprobados polos órganos competentes de cada universidade antes do 31 de xullo de 2020.

4.- O plan xeral de prevención e control sanitario así como os protocolos dos centros universitarios, deben ser coñecidos e estar implantados no momento do inicio do curso académico 2020/2021. A universidade deberá proporcionar á comunidade universitaria a información sobre as medidas de prevención de índole persoal a nivel sanitario. Esta información deberase difundir a través da páxina web e das redes sociais, indicando a necesidade de respectalas e as posibles consecuencias de non aterse ás mesmas.”

O 1 de xullo remítese ao centro o acordo de CG polo que se autoriza ao centro a comezar o curso na modalidade presencial, sinalase o prazo do 23 de xullo para elaborar guías docentes e 30 de xullo como data límite de envío á Vicerreitoría de Planificación do PPCC.

O 9 de xullo recibíuse da Vicerreitoría de Planificación a última versión do documento “Protocolo de actuación para a realización da actividade docente presencial teórica e práctica para o curso 2020/21 nos centros da Universidade de Vigo”.

O 14 de xullo recibíuse o modelo do Plan de Prevención e Control Sanitario para que os centros o adaptasen e elaborar o Plan de Prevención e Control do Centro (PPCC).

O 22 de xullo remítese desde o “Grupo de Expertos COVID19” da Universidade unha addenda ao modelo do PPCC.

O 27 de xullo envíase ao “Grupo de Expertos COVID19” unha relación de dúbidas en relación a adaptación do modelo xeral ao PPCC, do que non se recibiu resposta.

O 28 de xullo remítese ao Grupo de Expertos COVID19 a proposta do PPCC do centro, xunto con un escrito no que se trasladan algunhas dúbidas sobre as que se solicita confirmación e aclaración. Aínda que non se recibira resposta as dúbidas, elévase este documento para súa valoración por parte da Comisión Permanente, dado que na sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o pasado 23 de xullo acordouse delegar na Comisión Permanente a aprobación deste Plan.

Dado que a proposta de Plan de Prevención e Control Sanitario do centro foi enviada ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo pero aínda non chegou a súa valoración, propónse a aprobación do plan aprobación condicionada ao informe favorable do SPRL.

A continuación sinala os principais aspectos da estrutura e contido do PPCC e ábrese unha quenda de intervencións sobre dúbidas e aclaracións do contido do PPCC.

A comisión aproba por asentimento o Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, condicionado ao informe favorable do SPRL da UVIGO.

3 Aprobación, se procede, do informe sobre a aplicación da cláusula aprobada no CG do 29 de abril, para subir a cualificacións de certas materias na convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre do curso académico 2019-2020.

A Presidenta lee a Cláusula de Avaliación aprobada no Consello de Goberno do 29 de abril de 2020 e comenta que a amosa a listaxe de materias susceptibles de aplicación. A Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria achegou dous *emails* indicando as materias do centro susceptibles da aplicación da cláusula: un o 15 de xullo cunha listaxe de 3 materias do segundo cuadrimestre (primeira oportunidade) e outro o 22 de xullo cunha materia do primeiro cuadrimestre (segunda oportunidade). Trasládouse a información aos departamentos e coordinadores das materias para que puidesen achegar o seu parecer. A Presidenta indica que, na súa opinión, o centro debería apoiar a postura do profesorado das materias, recollida nos informes que se achegaron previamente aos membros da comisión para a súa valoración.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, coordinador da materia M148205 Matemáticas Avanzadas (MUEM), que expón os argumentos recollidos no informe da materia que foi achegado á dirección do centro e reenviado aos membros da comisión.

A Presidenta comenta os argumentos achegados pola coordinadora da materia G290203 Informática: Estatística (GEE) para xustificar a súa desconformidade. Trátase dunha materia común aos dous graos do centro e impártese e avalíase de xeito conxunto coa materia G310203 Informática: Estatística (GERME), sen facer ningunha distinción ou separación do alumnado por grao. Os cálculos para a susceptibilidade de aplicación da cláusula deberían ter sido feitos globalmente ao conxunto do alumnado das dúas materias; a corrección da nota a parte do alumnado sería un agravio comparativo totalmente inxustificable. Ademais, o esforzo realizado polo profesorado da materia e as análises de control efectuadas amosan que as variacións nas cualificacións non se poden vincular a transición á docencia non presencial.

A Presidenta comenta os argumentos expostos pola coordinadora da materia G310404 Mecánica de solos (GERME) na Comisión de Calidade, sinalando que é unha materia común aos dous graos do centro e impártese e avalíase de xeito conxunto coa materia G290404 Mecánica de solos (GEE), sen facer ningunha distinción ou separación do alumnado por grao. Os cálculos para a susceptibilidade de aplicación da cláusula deberían

ter sido feitos globalmente ao conxunto do alumnado das dúas materias; a corrección da nota a parte do alumnado sería un agravio comparativo inxustificable. Ademais, a aplicación da cláusula sería soamente por porcentaxe de aprobados e iso non cambiaría coa corrección de cualificacións proposta.

A Presidenta comenta que a materia G290305 Mecánica de fluídos (GEE), como se expón no informe do coordinador e dun profesor da materia, é unha materia do primeiro cuatrimestre, impartida completamente de forma presencial; o feito de facer o exame da segunda oportunidade de forma non presencial e o xeito no que se levou a cabo, non parecen motivo para a aplicación da cláusula. Por outra banda, trátase dunha materia común aos dous graos do centro e impártese e avalíase de xeito conxunto coa materia G290305 Mecánica de fluídos (GERME), sen facer ningunha distinción ou separación do alumnado por grao. Os cálculos para a susceptibilidade de aplicación da cláusula deberían ter sido feitos globalmente ao conxunto do alumnado das dúas materias; a corrección da nota a parte do alumnado sería un agravio comparativo totalmente inxustificable. Ademais, a media das cualificacións da materia foi superior á media dos cinco cursos anteriores menos dúas veces a desviación típica.

A Presidenta engade que non chegou ao centro ningunha incidencia nin queixa relativa a estas materias e abre unha quenda de intervencións.

Tras o debate a Presidenta propón referendar a decisión da Comisión de Calidade e facer unha valoración negativa do centro á aplicación da cláusula ás 4 materias e redactar un informe neste sentido recollendo as argumentacións e solicitando que non sexa aplicada a devandita cláusula a ningunha das catro materias e se manteñan as cualificacións introducidas nas actas polos seus coordinadores en base ás actividades e sistemas de avaliación recollidos nas guías docentes das mesmas. A Comisión Permanente da EE de Minas e Enerxía aproba a proposta por asentimento.

A Presidenta agradece a presenza dos asistentes e informa acerca da necesidade de facer unha pequena modificación nos horarios de grao aprobados na XE do 23 de xullo. A modificación ven condicionada pola detección dun erro á hora de asignar o espazo necesario para a docencia presencial da materia 'Tecnoloxía Eléctrica (I)' do primeiro cuatrimestre de terceiro curso do grao en Enxeñaría da Enerxía e da intensificación de 'Recursos enerxéticos, combustibles e explosivos' do grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Este cambio tamén afecta de forma indirecta ao horario de tarde da materia de terceiro de grao 'Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable'. Estes cambios foron consensuados cos profesores responsables das materias e será comunicado a todo o alumnado a través das listas de correo corporativas e a web do centro.



Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a trinta de xullo de dous mil vinte.

Vº e Prace
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 30/07/2020



Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o xoves, 30 de xullo de 2020, ás 13:30 h en única convocatoria.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no **Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da solicitude de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.
2. Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
3. Aprobación, se procede, do informe sobre a aplicación da cláusula aprobada no CG do 29 de abril, para subir a cualificacións de certas materias na convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre do curso académico 2019-2020.

Vigo, 28 de xullo de 2020

O Secretario

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DL6Q5L (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 30/07/2020

Asistentes á Comisión Permanente do 30 de xullo de 2020
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Fernando García Bastante
Elena González Rodríguez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Estudantes
Santiago Domínguez Blanco

Desculpan a súa ausencia Teresa Rivas Brea e Belén Parente Artime.



ANEXO III

Solicitud de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía



ANEXO IV

Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía



ANEXO V

**Informe sobre a aplicación da cláusula aprobada no CG do 29 de abril,
para subir a cualificacións de certas materias na convocatoria ordinaria do
segundo cuatrimestre do curso académico 2019-2020**